

COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE EXTRAORDINARIA

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Garantía de Calidade da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, convocada para o 24 de outubro de 2014, venres, ás 12:00 horas en primeira convocatoria, e ás 12:30 horas en segunda convocatoria, no Seminario da 4ª planta do Edificio Politécnico, do Campus de Ourense.

Ás 12:42 horas deu comezo a sesión, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Revisión e aprobación, se procede, do informe de seguimento do Grao en Enxeñaría Informática do curso 2013/2014.
2. Revisión e aprobación, se procede, do informe de seguimento do Máster en Enxeñaría Informática do curso 2013/2014.
3. Aprobación, se procede, do Plan de Melloras 2014/2015 (IT04-PM01) (incluído nos informes de seguimento dos puntos 1, e 2).
4. Aprobación, se procede, do Informe final dos Plans de Melloras do curso 2013/2014 (IT03-PM01).
5. Aprobación, se procede, do texto do escrito de queixa á Área de Calidade da Universidade de Vigo relativo ós informes de seguimento do curso 2012-2013.